

ASUNTO: DECRETO SERVIZOS CONCELLO POLO COVID-19

DECRETO

Logo de ver que con data 14 do presente mes de marzo, pola Presidencia do Goberno de España, ditouse o Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Tendo en conta así mesmo a instrucción da FEGAMP para os Concellos galegos.

Logo de ver a resolución da Xunta de Galicia de data 15 de marzo do 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade ao acordo do centro de coordinación operativa (CECOP) mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico, como consecuencia da evolución epidemiológica do Coronavirus COVID-19, que establece no seu acordo 10º.2 a recomendación ás Entidades Locais da aplicación das medidas previstas en dito acordo.

Por todo elo, en uso das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Decretar os servizos públicos municipais esenciais ante a situación de excepcionalidade dende o día 16 ao 31 de marzo, ámbolos dous inclusive, podendo ser prorrogado dito prazo en función do que se determine polo Goberno do Estado.

Segundo.- A prestación de servizos públicos, de forma presencial, serán aqueles estritamente necesarios para garantir o correcto funcionamento da actividade municipal .

Todos os empregados públicos cuxas funcións se realicen dentro de edificios ou de instalacións administrativas que permitan seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial, facilitándose a estes efectos fórmulas de teletraballo ou de traballo a distancia.

Pola contra, todos os empregados públicos que realicen funcións dentro de edificios ou instalacións administrativas que non se poidan desenvolver mediante traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando a súa actividade suspendida temporalmente. Non obstante, exceptúanse aos empregados públicos que desempeñen funcións de carácter esencial que deberán acudir presencialmente aos seus lugares de traballo, por esixilo o desempeño de ditas funcións.

Terceiro.- Considéranse funcións de carácter esencial no Concello de Monforte de Lemos, as seguintes:

-POLICÍA LOCAL. Todos os efectivos nos turnos habituais, salvo circunstancias excepcionais a determinar polo responsable do servizo.

-PERSONAL DIRECTIVO. Referido á Secretaría Xeral, Intervención e Tesoureiría.

-MANTEMENTO DE EDIFICIOS. Brigada de Obras, un empregado público. Servizos eléctricos, un emprego público, estes dous de forma rotatoria entre todos os efectivos. Fontanería. Un empregado público.

-COMUNICACIÓNS. Un funcionario.

-PAGO A PROVEEDORES. Intervención e Tesoureiría (facturas e nóminas), o personal que determine o responsable do servizo.

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 16/03/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 16/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/03/2020 14:28:13





- REXISTRO XERAL. Un funcionario/a (turno rotatorio)
- ATENCIÓN AO PÚBLICO. Un empregado público (turno rotatorio).
- CEMITERIO.- Todos os empregados públicos, no cemiterio municipal e un funcionario nas oficinas administrativas.
- SERVIZOS SOCIAIS.- Unha Traballadora social e unha Educadora Social (en turno rotatorio)
- PADRÓN.- Un empregado/a público.
- LIMPEZA INTERIOR.- Traballadores/as da empresa concesionaria.
- LIMPEZA PÚBLICA URBANA.- Traballadores/as da empresa concesionaria e o Técnico de Medio Ambiente.
- ACCESO ÁS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.- Un funcionario do servizo de Atención á cidadanía (turno rotatorio)

Cuarto.- Crear unha comisión municipal de seguimento da evolución do COVID-19, que estará formada polos seguintes membros:

- Alcalde-Presidente do Concello
- Primeira Tenente de Alcalde
- Concelleiro de Servizos
- Concelleira de Cultura
- Concelleiro de Medio Ambiente
- Xefe da Policía Local
- Xefe do Servizo de Atención á Cidadanía
- Secretario do Concello

Dita Comisión reunirse cada sete días de forma ordinaria, en calquer momento de forma extraordinaria cando as circunstancias así o aconsellen.

Quinto.- Declarar a vixencia dos decretos da Alcaldía de datas de 13 de marzo de 2020 e 15 de marzo do 2020.

Sexto.- Dar traslado do presente decreto aos concelleiros/as, aos responsables das Unidades administrativas e aos empregados públicos municipais.

Sétimo.- As anteriores medidas estarán en vigor durante a vixencia do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo ou, de ser o caso, das prórrogas do mesmo.

O ALCALDE

O SECRETARIO

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

